



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504900B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2021/G003/000273

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** NOMEAMENTO PERSOAL LABORAL TEMPORAL PEÓN APROL RURAL 2021

**EXPEDIENTE:**2021/G003/000273

### ANTECEDENTES:

DON MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde do Concello de Mesía, A Coruña, en virtude das facultades que me confiren os artigos 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, 41.14 do ROF, e 24.d) do R.D.L. 781/1986, do 18 de abril.

Por decreto desta Alcaldía, de data 05.07.2021, aprobáronse as bases e convocouse proceso selectivo para a contratación temporal dun peón para realización de labores de mellora forestal no Concello de Mesía ao abeiro da subvención concedida Aproz rural 2021 da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade da Coruña. Presentouse oferta de emprego na Oficina Pública de Emprego de Ordes e publicáronse as bases na páxina web e no taboleiro de edictos do concello.

Visto o resultado da selección remitido pola Oficina de Emprego de Ordes e rematado o prazo de presentación de solicitudes e de conformidade co establecido na base sexta da convocatoria, publicouse, en data 15.07.2021, a relación provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, elevada a definitiva dado que non existía necesidade de subsanación, e nomeouse aos membros do tribunal cualificador, e convocáronse para a realización da proba de lingua galega, para a valoración da documentación da fase de concurso e para a realización da proba práctica da fase oposición.

Vista a proposta do tribunal cualificador segundo as puntuacións obtidas polos/as aspirantes durante o proceso selectivo, tal como se reflicte de seguido, e de conformidade coa dita proposta.

Apelidos e nome	DNI	Fase concurso	Fase oposición	Total
Carro Manteiga Josefa	***6504**	1,10	Retírase da proba	-
Fila Sánchez Manuel Ramón	***9878**	0,50	8,00	8,50

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Nomear persoal laboral temporal, para o posto de peón, ao abeiro da subvención Aproz Rural 2021, dende o día 21 de xullo de 2021 ata o 20 de abril de 2022, a xornada completa, cun salario bruto mensual de 1.369,85 euros, a:

- Fila Sánchez, Manuel Ramón. DNI \*\*\*9878\*\*.

**SEGUNDO.-** Notificar ao interesado para a sinatura do contrato correspondente.

**TERCEIRO.-** Publicar o presente decreto na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios municipal.

En Mesía, luns 19 de xullo de 2021

O Alcalde /Presidente. Mariano Iglesias Castro.